

UNITAT DIDÀCTICA 3

2n Trimestre

Nivell inicial

E ti de quen
vés sendo?



Generalitat de Catalunya
Departament d'Educació

La portada ha estat dissenyada utilitzant imatges de Pexels. Autoria: Freepik



Programació didàctica

Curs Inicial: Optativa Llengua i literatura gallegues

El Curs Inicial de Llengua i literatura gallegues està dissenyat per implementar-se com a optativa d'ESO amb una càrrega setmanal de 2 hores lectives durant un curs acadèmic, i s'emmarca dins del Nivell A1 del [Marc europeu comú de referència per a les llengües](#):

El Nivell A1 (Inicial) es considera el nivell més baix de l'ús generatiu de la llengua: el punt en què l'aprenent ja pot interactuar d'una manera simple –preguntar i respondre preguntes sobre ell mateix, sobre el lloc on viu, sobre la gent que coneix i les coses que té; iniciar declaracions simples i reaccionar-hi en les àrees relatives a les necessitats immediates o a temes molt familiars– i no ha de confiar exclusivament en un repertori lèxic limitat i memoritzat de frases determinades per a situacions específiques.

Objectius didàctics del curs inicial de Llengua i literatura gallegues:

- Comprensió oral
 - Reconeix **paraules familiars** i expressions molt bàsiques sobre **temes propis de la família i l'entorn concret** i immediat, si la gent parla a poc a poc i amb claredat.
- Comprensió lectora
 - Compren **noms familiars**, paraules i frases molt senzilles; per exemple, les que apareixen en **anuncis, cartells i catàlegs**.
- Interacció oral
 - Es comunica de manera senzilla a condició **que l'interlocutor estigui disposat a repetir** el que ha dit o a dir-ho amb altres paraules i més a poc a poc i **que l'ajudi a formular el que intenta dir. Planteja i respon preguntes senzilles** sobre temes familiars o sobre temes relacionats amb necessitats immediates.
- Expressió oral
 - Utilitza expressions i frases senzilles per **descriure el lloc on viu i la gent que coneix**
- Expressió escrita
 - **Escriu postals** curtes i senzilles; per exemple, per **enviar felicitacions**. **Emplena formularis amb dades personals**; per exemple, el nom, la nacionalitat i l'adreça en una fitxa de registre d'hotel.

Unidade 3: E ti de quen vés sendo?

Curs	Trimestre	Número UD	Professor/a	Durada
1r	1r	3		12 hores
Activitats		Continguts		Criteris d'avaluació
Expressió oral		Saúdo, presentación persoal e da familia		Pot presentar-se i presentar una tercera persona
Comprensió oral		Saúdo, presentación persoal e da familia		Compren expressions quotidianes i familiars i frases molt senzilles sobre la família.
Comprensió lectora		Comprensió de vocabulario da familia e das árbores xenealóxicas. Presente de indicativo do verbo <i>ser</i>		Compren vocabulari sobre la família i utilitza correctament el present d'indicatiu del verb <i>ser</i> .
Interacció oral		Actividade sobre os gustos musicais (gústame, non me gusta...)		Utilitza les fórmules <i>m'agrada</i> i <i>no m'agrada</i> per expressar gustos personals
Expressió escrita		Escritura dun formulario dun restaurante para agasallar un familiar coa reserva dunha cea		Pot omplir formularis senzills amb informació bàsica personal.

Unidade 3: E ti de quen vés sendo?

Expresión oral

Nesta unidade falaremos das nosas familias. Faredes a árbore xenealóxica da vosa familia de xeito esquemático. Tedes como exemplo a árbore da actividade seis.

Por parellas, ou en pequenos grupos, practicaredes as seguintes preguntas de maneira oral:

Actividade 1

Cuestións

1. —Quen é...? (senalando na árbore xenealóxica do compañeiro)
2. —Este home/esta muller é a túa/súa...?
3. —Onde vive...?
4. —Cantos anos ten...?

Exemplo

—Quen é Manolo? —El é o meu irmán.
—Esta muller é a túa avoa? (Sinalando na árbore) —É a miña avoa, si.
—Esta muller é a túa avoa? (Sinalando na árbore). —Non, é a miña cuñada.
—Onde vive Lara? —Vive en Santiago de Compostela.
—Cantos anos ten Serxio? —Ten dezasete anos.

△ Como en catalán e castelán, o uso do pronome tónico (eu, ti, el/a, nós, vós, eles/as) non é de uso obrigatorio, porque o verbo xa dá a información dabondo para que o suxeito poida ser interpretado morfoloxicamente.

Fixádevos!

Os pronomes posesivos en lingua galega son:

(eu)	meu, miña, meus, miñas
(ti)	teu, túa, teus, túas
(ele, ela, vostede)	seu, súa, seus, súas
(nós)	noso, nosa, nosos, nosas
(vós)	voso, vosa, vosos, vosas
(eles, elas, vostedes)	seu, súa, seus, súas

Lembrede que, como en catalán, sempre levan artigo diante: *o meu irmán, a túa avoa, a súa obra, os nosos amigos, a vosa arte, os seus fillos.*

Actividade 2

Nesta actividade faredes unha presentación persoal e da vosa familia. Podédela facer por parellas ou por grupos pequenos. Podedes ter a árbore xenealóxica canda vós ou ben unha fotografía. Se tedes algunha dúbida, preguntádelle ao voso profesor ou á vosa profesora.

Modelo de presentación*

—(Saúdo) Eu chámome _____ vivo en _____ e teño _____ anos. O meu pai chámase _____ e a miña nai chámase _____. Teño _____ irmáns: _____ irmá/irmás e mais _____ irmán/irmáns, que se chaman _____ e _____. A _____ gústalle _____. Os meus avós maternos, _____ e _____, viven en _____. E os meus avós paternos, _____ e _____, viven en _____. A eles/elas gústalle/gústalles _____.

Exemplo

Ola, bo día! Eu chámome Maruxa, vivo en Labrada e teño catorce anos. O meu pai chámase André e a miña nai chámase Margarita. Teño tres irmáns: unha irmá que se chama María e dous irmáns que se chaman Antón e Álvaro. A Antón gústalle a música clásica e estuda violín. A min gústame a música rock. Os meus avós maternos, Cristina e Pepe, viven en Xermade e os meus avós paternos, Esperanza e Gabriel, viven en Labrada. Á miña avóa Cristina gústalle a música tradicional galega.

***Esta presentación modelo deberíase adaptar ás múltiples tipoloxías de familia (monoparental, sen pais, con dous pais ou dúas nais...), e é o profesor ou profesora quen debería propoñer que sexa o propio alumnado quen o adapte á súa realidade.**

Comprensión oral

🔊 Neste primeiro apartado, escoitaredes o voso profesor ou a vosa profesora lendo un texto relacionado coa familia ou a gravación que tedes na ligazón. Escoitade con atención.

<https://drive.google.com/file/d/1X6BmE8IW8xTmDSf1ovW3YAUPivmzr6Dr/view?usp=sharing>

Texto da gravación

«Eu chámome Lola e a miña familia é moi longa. O meu pai chámase Brais e a miña nai chámase Ánxela. O meu fillo pequeno, Xabier, di que son os mellores avós do mundo. Cando Xabier vai á casa dos meus pais, tamén visita o seu bisavó, que ten noventa e dous anos e vive diante deles. Teño catro irmáns: Xana, Elvira, Toño e Fiz. Toño casou con Carme e tiveron dúas xemelgas: Carlota e Catuxa. Elas lévanse moi ben cos meus fillos. Carme e mais eu fomos ao colexio xuntas e por iso é a cuñada con quen teño mellor relación. O meu tío Xosé vive en Quiroga e o seu fillo Lois vive en Combarro. Lois é o único

dos meus curmáns que vive na provincia de Pontevedra. Dende que casei, paso unha semana das miñas vacacións en Portosín, na casa dos meus sogros. A miña nai di que teño que ser unha boa nora cando a miña sogra trátame como a súa filla. O meu pai di que Claudio, o meu marido, é un bo xenro e sempre pasan moito tempo xuntos, de contos. Este ano no colexio dos meus pequenos mandaron facer unha árbore xenealóxica e, como non me lembro do nome de todos os curmáns da miña nai, convideina a xantar canda min o vindeiro luns, para que nos axude a rematar a tarefa.»

Actividade 3

Despois de escoitardes a lectura do texto, responde as cuestións seguintes.

1. Como se chama a protagonista? Como é a súa familia?
2. Quen é Brais? Quen é Ánxela?
3. Con quen foi Lola ao colexio?
4. Quen teñen boa relación cos fillos de Lola?
5. Cantos irmáns ten Lola?
6. Onde vive Lois? A que provincia pertence?
7. Dende cando pasa Lola unha semana das súas vacacións en Portosín?
8. Por que di a súa nai que ten que ser unha boa nora?
9. Con quen pasa moito tempo Brais, o pai de Lola?
10. De que non se lembra Lola para facer a árbore xenealóxica coa súa filla?

Comprensión lectora

Na actividade anterior, escoitastes un audio relacionado co vocabulario da familia.

Lede as seguintes palabras do vocabulario da familia. Comentade o seu significado cos vosos compañeiros da clase.

Muller, dona, marido, home, pais, cónxuxes, parella, pai, nai, madrasta, padrasto, fillo, filla, irmán, irmá, xenro, nora, sogro, sogra, avó, avoa, cuñado, cuñada, curmán, curmá, bisavó, bisavoa, neto, neta, bisneto, bisneta, afillado, afillada, padriño, madriña, viúvo, viúva, bisneto, bisneta, orfo, orfa. tío, tía, sobriño, sobriña

Actividade 4

Relaciona as palabras anteriores coas seguintes definicións, que podemos atopar no dicionario da Real Academia Galega:

1. Fillo dun fillo dunha persoa.
2. Irmán ou irmá dun dos cónxuxes ou dun membro dunha parella respecto ao outro, ou ben cónxuxe ou parella dun irmán ou dunha irmá respecto a unha persoa.
3. Persoa que perdeu o seu cónxuxe por falecemento e que non volveu casar.
4. Nena ou muller que recibiu o bautismo, en relación cos seus padriños.
5. Pai dos avós dunha persoa.

6. O pai do cónxuxe ou da parella.
7. Fillo dun tío ou dunha tía.
8. Persoa que sendo menor de idade perdeu a seus pais ou a un deles.
9. Pai dos pais dunha persoa.
10. Home da filla ou do fillo respecto dos pais do cónxuxe ou da parella.
11. Nai dos pais dunha persoa.
12. Neno ou home que recibiu o bautismo, en relación cos seus padriños.
13. Nai dos avós dunha persoa.
14. Persoa que, respecto doutra, é filla dos mesmos pais ou só do mesmo pai ou da mesma nai.
15. A nai do cónxuxe ou da parella.
16. Fillo do neto dunha persoa.
17. Filla dun tío ou dunha tía.
18. Calquera persoa ou animal en relación aos seus pais.
19. Home unido a unha muller en matrimonio con respecto a ela.
20. O pai e a nai.
21. Filla do neto dunha persoa.
22. Muller do pai, respecto dos fillos que este leva ao matrimonio.
23. Muller, ou femia en xeral, que tivo un ou varios fillos.
24. Irmán ou irmá do pai ou da nai dunha persoa.
25. Marido da nai, respecto dos fillos que esta leva ao matrimonio.
26. A muller casada, en relación co marido.
27. Muller do fillo ou da filla respecto dos pais do cónxuxe ou parella.
28. Home ou animal macho que tivo un ou máis fillos, en particular con respecto a estes.
29. A muller ou o marido con respecto á persoa con quen está casado ou casada.


Para lembrades

Para a actividade seguinte ides usar o verbo *ser* en presente de indicativo. Lembrade a súa conxugación:

- Eu son
- Ti es
- El/ela/vostede é
- Nós somos
- Vós sodes
- Eles/elas/vostedes son

Actividade 5


Observa esta árbore xenealóxica dos deuses do Olimpo



Cuestións

1. Que relación familiar ten Zeus con Hades?
2. Que relación familiar ten Deméter con Poseidón?
3. Que son Crono e Rea para Zeus?
4. Quen son Xea e Urano para Zeus?
5. Que relación familiar ten Hefesto con Zeus?

Actividade 6



1. Responde as seguintes cuestións coma se foses Breogán:
 - 1.1. Quen é Catuxa?
 - 1.2. Quen é Miño?
 - 1.3. Quen é Xosé?

- 1.4. Quen é Xaquín?
- 1.5. Quen é Zeltia?
- 1.6. Quen é Irea?
2. Responde as seguintes cuestións coma se foses Aia:
 - 2.1. Quen é Roi?
 - 2.2. Quen é Lúa?
 - 2.3. Quen é Breixo?
 - 2.4. Quen é Breogán?
 - 2.5. Quen é Xosé?
 - 2.6. Quen é Xaquín?
 - 2.7. Quen é Catuxa?
3. Responde a seguinte cuestión coma se foses Brais:
 - 3.1. Quen é Breixo?
4. Responde as seguintes cuestións coma se foses Sabela:
 - 4.1. Quen é Catuxa?
 - 4.2. Quen é Zeltia?

Interacción oral


Galicia, un oceano de músicas

En Galicia hai centos de grupos musicais que compoñen e tocan pezas de todo tipo de estilos: jazz, rock, pop, tecno, rap, hip-hop, folk... Queres empezar a explorar o universo sonoro galego?

Escoitade estas tres cancións que vos propoñemos. A primeira vez, non vos preocupedes das letras, deixádevos levar pola música e polo vídeo. Gozade delas!



[Os d'abaixo - Espadelada de Solbeira](#)



[Tanxugueiras - Midas](#)



[Atrás tigre - Sobre o volcán](#)

LIGAZÓNS

Espadelada de Solbeira: <https://www.youtube.com/watch?v=rIqKPNGumg>

Midas: <https://www.youtube.com/watch?v=qjCeKRoGS8s>

Sobre o volcán: https://www.youtube.com/watch?v=2_flu3ZAa9s

Actividade 7

Comentade co resto da clase cal das tres cancións vos gustou máis e, se vos atrevedes, explicade por que. Propoñémosvos algunhas estruturas e oracións que vos axudarán a expresar os vosos gustos:

- *gústame / gustoume*
- *non me gusta / non me gustou*
- *gústame máis a que se titula ____ ca a que se titula ____*
- *non me gusta tanto a de ____ coma a de ____*
- *non me gusta tanto esta coma estoutra*
- *a de ____ tamén me gusta, pero gústame moito a de ____*
- *gústame moito / moitísimo a canción ____*
- *encantoume a de ____!*
- *non sei cal escoller, gústanme moitísimo todas!*

E para acabar, atrevédesvos a clasificalas en estilos musicais?

Actividade 8 (opcional)

Se quedastes con moita curiosidade, a continuación tedes as letras das cancións para que as poidades ler (se queredes, mentres as volvedes escoitar). E, se queredes saber o que significan as palabras que non entendades, podédelas buscar no [Dicionario da Real Academia Galega](#).

Aquí podedes leer as letras:

Espadelada de Solbeira

E o carballo da Mirteira
ten a folla revirada,
que lla revirou o aire
unha noite de xeadá.

Sempre me andas preguntando
de que romaría veño:
veño da Santa Lilaina,
da Santa Lilaina veño.
Olerelereleré oler lelelá
Olerelerelelele olerelerelelala

Canto máis fondo é o pozo
máis clariña sae a auga.
Canto máis falo contigo,
máis gosto das túas palabras.

Olerelereleré oler lelelá
Olerelerelelele olerelerelelala

Auguiña da fonte clara,
nada a cobra e bebe o peixe.
Ámame con lealdade
non temas a que eu te deixe.

Olerelereleré oler lelelá
Olerelerelelele olerelerelelala

Vou a dar a despedida
por riba dunha cereixa,
que agora non canto máis
que esta gorxa non me deixa.

Olerelereleré oler lelelá
Olerelerelelele olerelerelelala

Sobre o volcán

Así camiño sobre o volcán:
é tan perfecto.
Así camiño sobre o volcán
e non me queimo,
non ves?

Aínda que cambie de corpo
son igual a ti.

Así camiño sobre Titán,
son tan lixeiro;
así camiño sobre Titán,

Midas

Lara lara lara lara lara lala
lara lara lara lara lara lala
lara lara lara lara lara lala
lara lara lara lara la

Agora que vén a noite
vén a nosa alegría
a tristura vai pra o amo
que se lle acabou o día.

Sen pesetas nen centavos
eras un home sagrado,
agora que estás cheo deles
non che quere nin o gando.

E ti tes e tes, non o queres dar
pensas que o tes todo, pero non tes na[da]. (x3)
E ti tes e tes, non o queres dar
o día que o queiras halo de rogar.

Vai de aí home pequeno,
esterco do meu corral,
que te poñen a vender
e aínda non das un real.

Na casa do pobre que dá o que ten,
puntada menuda e apretala ben.
Na casa do rico que fai mala vida,
a puntada larga e acabar axiña.

Arrodíllate a rogalo
alalala alalala
E ti tes e tes, non o queres dar
pensas que o tes todo, pero non tes na[da]. (x3)
E ti tes e tes, non o queres dar
o día que o queiras halo de rogar.

Sen pesetas nen centavos
eras un home sagrado
agora que estás cheo deles
non che quere nin o gando

E ti tes e tes, non o queres dar
pensas que o tes todo, pero non tes na[da]. (x3)
E ti tes e tes, non o queres dar
o día que o queiras halo de rogar.

non teño présa en volver.

Así me elevo sobre o xardín
dos teus desexos,
así me elevo sobre o xardín
e non te vexo:
por que?

Aínda que cambie de corpo
son igual a ti.

Expresión escrita

Convida un familiar a xantar ou cear no restaurante Furafollas!

🔗 Observa o seguinte formulario:

Reserva no restaurante Furafollas

Podes reservar aquí o teu xantar ou a túa cea no mellor restaurante galegocatalán!

 (non compartido) [Cambiar de conta](#) 

***Obrigatorio**

Escolle unha data e unha hora *

Data

Hora

dd/mm/aaaa



:

Cantas persoas ides vir? *

A túa resposta

Temos que ter en conta algunha preferencia alimentaria? Cal? *

A túa resposta

A reserva é para unha terceira persoa? Indica cal é o motivo (se queres) da invitación por se o temos que ter en conta (por exemplo, para darlle os parabéns, preparar unha torta, unhas candeas...).

A túa resposta

Enviar

Borrar datos

Actividade 9

Completa o formulario

Todos sabemos que, ás veces, nos regalan un obxecto que non necesitamos e que non sabemos onde poñer nin que facer con el. Non é mellor que nos agasallen cun xantar ou unha cea nun bo restaurante?

A quen che gustaría convidar a xantar ou a cear? Non é necesario que sexa o seu aniversario, pode ser un detalle para demostrar que queres a esa ou a esas persoas. Poden ser alguén da túa familia (pais, nais, avós, avoas, irmáns, irmás, curmáns, curmás...) un amigo ou amiga coa súa parella, o importante é que saibas que lle vai facer moita ilusión.

1. Tes que responder as preguntas do formulario cunha frase na que, polo menos, haxa un verbo conxugado.
2. Na última das preguntas cómpre que indiques quen é a túa persoa convidada. Ademais, aínda que no formulario poña que é opcional o motivo, nesta actividade é obrigatorio que o poñas (só faltaría!), así que tes que inventar un motivo polo que convidarías a esa persoa ao restaurante.
3. Usa tamén algunhas das fórmulas de cortesía que xa coñeces (*por favor, grazas, ata a próxima*, etc.).

Annexo

Actividade 4: Solucións

1) neto/neta 2) cuñado/cuñada 3) viúvo/viúva 4) afillado 5) bisavó 6) sogro 7) orfo/orfa 8) avó 9) xenro 10) avoa 11) afillado 12) bisavóa 13) tío/tía 14) irmán/irmá 15) sogro/sogra 16) bisneto 17) tío/tía 18) fillo/filla 19) marido 20) pais 21) bisneta 22) madrasta 23) nai 24) curmán/curmá 25) padrasto 26) dona 27) nora 28) pai 29) cónxuxe

Actividade 5: Solucións

1. É o seu irmán.
2. É a súa irmá.
3. Son os seus pais.
4. Son os seus avós.
5. É o seu fillo.

Actividade 6: Solucións

1. Respostas de Breogán:
 - 1.1. É a miña nai.
 - 1.2. É o meu tío.
 - 1.3. É o meu avó.
 - 1.4. É o meu bisavó.
 - 1.5. É a miña curmán.
 - 1.6. É a súa avóa.
2. Respostas de Aia:
 - 2.1. É o meu marido.
 - 2.2. É a miña filla.
 - 2.3. É o meu sobriño
 - 2.4. É o meu pai.
 - 2.5. É a miña cuñada.
3. Resposta de Brais:
 - 3.1. É o meu xenro.
4. Respostas de Sabela:
 - 4.1. É a miña nora.
 - 4.2. É a miña neta.

Actividade 9: Indicacións para o profesor ou profesora

Este formulario é un modelo que se pode adaptar ás necesidades do grupo ou ampliar segundo os contidos que se traballasen durante o curso. O importante é xogar con el e que convide o alumnado a imaxinar unha situación que sexa inspiradora para escribir o que se pide no exercicio.